

A MÚSICA NON AMANSA ÁS BESTAS

limiar



En coprodución co Concello de Gondomar





O ESPECTÁCULO

A música non amansa ás bestas é un espectáculo no que a través do teatro, da música e da comedia, o espectador ten a posibilidade de reflexionar sobre a sociedade pasada, presente e futura.

Nesta peza, preséntanse cuestións ao público que só el poderá responder:

Que é xusto?

Vivimos nunha sociedade tribal, individual ou colectiva?

Cantas mulleres coñecemos no mundo das artes?

Pode a música mudar o significado das cousas e variar as nosas emocións?

A música é o fío que une todo. **A música** está e estará presente sempre nas nosas vidas; con ela choramos, rimos...pero tamén bailamos. **A música** úsase para facer “o ben” pero tamén “o mal”... ou non, diso xa nos encargamos os seres humanos.

A música é, esencialmente, unha ferramenta de comunicación, o “idioma universal” que todos entendemos, pero ninguén interpreta da mesma forma.

Unha sociedade sen música non pode existir, o silencio tamén é música, e ás veces, a mellor das melodías ou das palabras.

A música existe por que a sentimos, unha sociedade educada en escoitar música é unha sociedade empática, educada en escoitar aos demais.

“Onde as palabras fallan, a música fala” H. C. Andersen



Comedia de teatro musical
para persoas que queren entender e vivir na sociedade do agora e do futuro

A MÚSICA NON AMANSA ÁS BESTAS

O ESPECTÁCULO

SINOPSE

A música non amansa ás bestas permítenos acompañar a procura creativa, dun compositor, obsesionado coa música. Movido pola súa obsesión, fai un experimento social, baseado na famosa frase: “A música amansa ás bestas”, pertencente ao personaxe mitolóxico de Orfeo.

Desta personaxe, se dicía que posuía un canto e unha forma de tocar a lira, que podía amansar ás bestas máis salvaxes.

Para este experimento, o músico ten como axudante á inspiración, ou como el se fai chamar: “a musa”, que lle axudará a abrir a súa mente a novas posibilidades, con respecto a música.

O compositor fai partícipe ao espectador desta procura, probando cos elementos básicos que a compoñen. Pouco a pouco, vai descubriendo a importancia que teñen, estes elementos musicais, na sociedade, trocando esa idea inicial de amansar pola de facer unha obra para reflexionar, socializar e escoitar.

O espectáculo téndelle a man ao público, rompendo a cuarta parede dende o comezo, para camiñar xuntos, e é no final cando se lle solta, para deixar que o público decida onde quere ir.

EQUIPO TÉCNICO E ARTÍSTICO

En escena: **Iván Davila** e **Brais Iriarte**

Dirección e dramaturxia: **Brais Iriarte**

Dirección musical e composición: **Brais Iriarte**

Espazo e iluminación: **Don Corcheiro** e **Brais Iriarte**

E.S.P: **Jose Manuel Núñez**

Equipo de producción: **Carlos Martínez Carbonell** e **Brais Iriarte**

Diseño de cartel e axudante de escenografía: **Lucía Sánchez**

Producción: **Limiar Teatro** - Crémilo en coproducción con residencia artística
no Concello de Gondomar

DATOS BÁSICOS

Idiomas: Galego/Castelán.

Duración estimada: 70 min.

Idade recomendada: maiores de 12 anos.

Requisitos escénicos desexables espazo: 9 x 6 x 5 m.

Requisitos escénicos mínimos espazo: 5 x 5 x 3 m Técnica adaptable.

Espectáculo para sala e espazos non convencionais.

Espectáculo para todos os públicos.

**Espectáculo modular adaptable ao espazo
e a cada contido formativo requirido.**

(ESO e Bacharelato)

A MÚSICA, UNHA FERRAMENTA DE COMUNICACIÓN

Este taller está pensado tanto para público xeral coma para institutos. Non é preciso saber de música para asistir.

Dotarase aos asistentes de ferramentas de comunicación a través da música, entenderemos e aplicaremos conceptos como: ritmo, intensidade, ton, timbre, duración ou tempo.

A finalidade deste taller é enterder a música e os seus beneficios na sociedade. Entendela coma unha ferramenta para comunicarnos, para poñernos no lugar do outro e aprender a traballar en grupo, rompendo esas barreiras que nos separan.

Os asistentes só precisarán traer un obxecto que poidan ter na casa e ao que non lle teñan moito apego (non ten que ser precisamente un instrumento musical).

A música é unha gran ferramenta para entender todo aquilo que nos rodea, na música non existen fronteiras. A música viaxou e segue viaxando polo mundo, por iso tamén nos fai viaxar a nós.

Taller dispoñible para público xeral e institutos

Necesidades básicas: 20 cadeiras e una toma de corrente.

Aforo máximo: 20 persoas.

Idades: a partir de 14 anos.

Duración: 2 horas.


NECESIDADES

A compañía dispón de toda a dotación técnica necesaria para a realización do espectáculo, polo que soamente será precisa unha toma de corrente de 16A á que ligar os equipos.

En caso de ser representado en teatros ou espazos con necesidades especiais a dotación técnica será pactada coa Organización.

O espectáculo adáptase a todo tipo de espazos incluso a espazos onde non é posible facer o escuro total, cun deseño de iluminación específico para estes casos.

A compañía pola súa experiencia previa está especializada en propostas en espazos patrimoniais, singulares e non convencionais polo que é unha oportunidade para articular unha xira por ese tipo de espazos, poñéndoos en valor.



A COMPAÑÍA

Limiar teatro somos unha compañía galega creada en 2009 con numerosas producións que desde entón teñen xirado por España, Portugal, Francia, Brasil, Bolivia, Arxentina e Uruguai.


Limiar significa límite, fronteira. É por isto polo que a compañía móvese nas fronteiras artísticas, xeográficas e persoais.

Investigamos no linde das artes integrando diferentes disciplinas como teatro, danza, música, teatro de obxectos, cociña ou artes plásticas.

Rompemos as fronteiras xeográficas con coproducións e xiras internacionais que nos levaron a estrear a maior parte das nosas producións fóra de Galicia e a integración nos equipos de profesionais de España, Francia, Rusia, Brasil, Colombia ou Portugal.

Abundamos na relación entre as persoas, creando proxectos comunitarios especiais en espazos singulares en colaboración con Teatro del Hereje, nos que intérpretes profesionais comparten escenario con agrupacións locais pondo en valor o patrimonio arquitectónico e inmaterial das localidades.

Limiar teatro



OUTROS TRABALLOS E REFERENCIAS

2019 – ***Se fosen turistas levarían gafas de sol*** (Limiar Teatro e Crémilo en coprodución co CDG, Teatro Nacional Dona María II de Lisboa, El Mura de Montevideo, Comedias do Minho e CIA. Nacional de fósforos de Buenos Aires). Estreado en Montevideo – Uruguai.

<https://www.youtube.com/watch?v=4qS5YN0LmpM>

2018 – ***Anagnórise*** (Limiar Teatro e Editorial Galaxia). Espectáculo sobre a obra de Maria Victoria Moreno.

2017 – ***A lingua de Contrabando*** (Limiar Teatro e Festival da Poesía do Condado e Festival Barosa Líquida). Espectáculo estreado no Festival da Poesía do Condado.

<https://www.youtube.com/watch?v=tdrvWmUsm5s>

2017 – ***Tecendo Pontes*** (Limiar Teatro e CSIC). Espectáculo para a Gala Inspiraciencia en A Coruña organizada polo CSIC Cataluña.

https://www.youtube.com/watch?v=Wj1vY_SD38Q

2016 – ***Soutomaior*** (Limiar Teatro e Turismo Rías Baixas). Intervención en patrimonio con espectáculo itinerante no Castelo de Soutomaior.

https://www.youtube.com/watch?v=ABciDf_BZEg

2016 – ***O Conto da Azuzaina*** (Limiar Teatro, Crémilo e EsteOeste)- Estrea en Compostela no Festival Galicia Escena Pro (Espectáculo familiar).

<https://www.youtube.com/watch?v=NBOvs8Sw23M&t=2s>

2014 – ***Pangeia*** (Limiar Teatro, Centro Dramático Galego, Acaso Danza-Brasil, APACEPE-Brasil, Janeiro de Grandes Espectáculos-Brasil e CC Malaposta-Portugal) – Estrea en Lisboa con xira en Galicia, Brasil e Portugal.

Teaser: <https://www.youtube.com/watch?v=yZst0rPEM5U>

2014 – ***Teresa*** (Limiar Teatro e Teatro del Hereje)- Estrea en Medina del Campo (Espectáculo comunitario).

2013 – ***Mateo 16,18*** (Limiar Teatro e Teatro del Hereje)- Estrea en Medina de Rioseco (Espectáculo comunitario).

Teaser: <https://www.youtube.com/watch?v=U0mJMvRASEE>

2011 – ***Don Quixote*** – Estrea en Alaejos (Salamanca) con xira en Galicia, Portugal, España, Brasil e Francia.

Teaser: <https://www.youtube.com/watch?v=U5LcDY2Lyoo>

2010 – ***Verbum Fahrenheit*** (Limiar Teatro e Verbum Casa das Palabras)- Estrea en Vigo con xira en Galicia, Brasil e Portugal.

Teaser: <https://www.youtube.com/watch?v=-6U1Qmcj90Q>

2009 – ***Os 4 da Xunqueira*** (Limiar Teatro, Centro Dramático Galego e MAO-Portugal)- Estrea en Ponte de Lima (Portugal).



BRAIS IRIARTE

É licenciado en Arte Dramático pola ESAD de Galicia. Formado no Conservatorio de Tui en guitarra eléctrica. Músico multinstrumentista e cantante formado en Galicia e Portugal. Traballou en diversos proxectos teatrais como Se fosen turistas levarían gafas de sol, A lingua na boca, A lingua de contrabando ou Pedro madruga no Castelo de Soutomaior. Traballou e formouse como actor en diversos países: España, Portugal, Arxentina ou Uruguai. Colaborou con proxectos musicais como Le BarLuthier, Fan Blues, Dudecan, E- Jazz Band ou Los Lentos e con artistas como Pablo Novoa, Nicolás Pastoriza, Litus Ruiz, ou Serafín Carballo. Foi baixista e vocalista do programa da Televisión de Galicia Heicho cantar queridiña.

Dirección, Dramaturxia e Interpretación





IVÁN DAVILA

É Titulado Superior en Arte Dramático pola ESAD de Galicia, na especialidade de interpretación textual. Complementa a súa formación asistindo a diversos talleres impartidos por profesionais como Vicente Fuentes, Dani Abreu, David Luque, Carlos Sante ou Santi Cortegoso.

Actualmente desempeña como clown hospitalario en Fundación Theodora, visitando de forma presencial hospitais de Galicia e de forma virtual outros no resto do país. Forma parte da compañía Nelson Quinteiro Producciones, levando a cabo espectáculos de rúa cunha forte presenza da danza e do cabaret. No 2019 crea a compañía NegroLópez, coa que realiza os espectáculos XOGAMOS? e SEN PALABRAS.

Interpretación



A MÚSICA NON AMANSA AS BESTAS



Xestión, produción e distribución

Carlos Martínez Carbonell

+34 678 460 559

cmcarbonell@cremilo.es

www.cremilo.com

limiar

Produción artística

Brais Iriarte

+34 663 130 741

limiarteatro@gmail.com

www.limiarteatro.com

Séguenos

